Aquí que non quede nada!

Estrofas **Em – G – D – Em**
Retrouso **Em – D – C – D**
Ponte / transición **Em – C – G – D**

Estrofa 1
Em – G – D – Em
Nunha taberna que fomos,
nunha bodega de viño,
onde sempre alí poñían
tapa e cunca de albariño!
Non pasabas por diante
sen cheirar o fondo aquilo,
pois sempre o lume andaba,
ben baixiño, ben baixiño.

Estrofa 2
Em – G – D – Em
Moitos berros atopabas,
tamén risas no camiño,
mais alí sempre voltamos,
cousas raras do destino!
Moitos berros se escoitaban,
tamén risas, coma fíos,
mais alí sempre tornabas,
pois querías tapa e viño!

Retrouso
Em – D – C – D
Ben xantabas, ben cenabas,
cunha morea de tapas,
e de paso xa levabas
chispa, esmorga ben marcada!
Máis valía, máis valía,
que as tapas non as deixaras,
pois a cociñeira dixo:
«Aquí que non quede nada!»

Estrofa 3
Em – G – D – Em
E así fomos visitando,
os furanchos de algún día,
o viño ía correndo,
e a min nada me doía.
Nese intre xa pensamos:
«Que coas tapas xa ceamos!»
Cada brinde acontecía
sen motivo, quen sabía!

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Estrofa 4
Em – G – D – Em
Ben papamos, ben papamos,
toda a tarde merendamos,
mais cando chegou a cea,
daquela non perdoamos.
E xa coa mente da noite,
fartos de churrasco e viño,
tocoulle chupito e postre,
non me lembro ben daquilo!!!!

Pre-retrouso
Em – C – G – D
Nin me esquezo, nin me lembro,
como non lembrar, se aquilo pasou!
Se o amencer nos atopou,
e algún de nós nin se enterou!

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Final
Em – G – D – Em
De tapas fomos,
de tapas volvemos...
do que pasou polo medio,
algo lembro, algo esquezo...
tapa e viño, tapa e viño,
mais se alí aínda quedaba,
mañán xa repetiremos!
Alí que non quede nada!!!